

1.3. Elementos que interveñen no mercado laboral

Os principais elementos que interveñen no mercado laboral (no contorno no que se interrelaciona a oferta e a demanda de emprego) son os seguintes.



1.4. Tendencias do mercado laboral actual

As tendencias que orientan o funcionamento do Mercado Laboral actual teñen que ver, fundamentalmente:

- Coa incorporación de novas tecnoloxías
- Coa nova estruturación funcional das empresas
- Cos novos filóns de emprego
- Coas cualidades que máis demandan as empresas

A incorporación de novas tecnoloxías

As novas tecnoloxías e, concretamente, as novas tecnoloxías das información e da comunicación están a ter consecuencias importantes no mercado laboral actual:

- Redución de man de obra non cualificada.
- Novas oportunidades para o autoemprego, a informática, o teletraballo...

A nova estruturación funcional das empresas

Rexístrase un importante proceso de externalización e/ou subcontratación, que provoca a supresión ou readaptación profesional dalgúns postos de traballo ou a externalización de determinadas funcións das empresas (como por exemplo: a contabilidade, a limpeza, as labores de mantemento,...). Isto ten consecuencias como a creación de novos postos de traballo nas empresas que son subcontratadas para desenvolver esas funcións de maneira externa.



Os novos filóns de emprego

Determinados sectores ou ámbitos de actividade como, por exemplo, o sector servizos están a cubrir novas necesidades demandadas pola sociedade actual e, polo tanto, están a constituír unha importante reserva de oportunidades para aparición de novas ocupacións (como por exemplo: especialistas en actividades de ocio e tempo libre, en servizos de axuda a domicilio, en novos ámbitos educativos...).

É o que se denomina como novos filóns de emprego, que actualmente están catalogados da seguinte maneira:

Servizos da vida diaria

- Servizos a domicilio
- Atención á infancia
- Novas tecnoloxías de información e de comunicación
- Servizos dirixidos a mozos/as con dificultades de inserción (orientación laboral, formación, titorización...)

Servizos para a mellora da calidade de vida

- Mellora da vivenda
- Seguridade
- Transportes colectivos locais
- Aproveitamento dos espazos públicos urbanos
- Comercios de proximidade

Servizos culturais e de ocio

- Turismo
- Sector audiovisual
- Patrimonio cultural
- Desenvolvemento cultural local
- Deportes

Servizos de medio ambiente

- Tratamento de residuos
- Xestión da auga
- Protección e mantemento das zonas naturais
- Regulamentación e control da contaminación e instalacións correspondentes
- Enerxías alternativas

As cualidades que máis demandan as empresas

As cualidades que as empresas máis demandan a aquelas persoas que se presentan como candidatas para incorporarse aos seus cadros de persoal son, en termos xerais, as seguintes:

Aptitudes

- Capacidade para utilizar a tecnoloxía existente e adaptarse aos cambios tecnolóxicos
- Capacidade para a aprendizaxe continua, reciclaxe, sentido analítico
- Potencial de desenvolvemento profesional
- Coñecementos técnicos
- Coñecemento de idiomas
- Coñecementos informáticos

Actitudes

- Disposición para desenvolver o traballo con calidade e capacidade de compromiso: aportar un valor engadido ao cumprimento das tarefas asignadas.
- Adaptabilidade á cultura da empresa.
- Achega de ideas.

Características persoais

- Entusiasmo, capacidade para transformar as ideas en realidades.
- Orientación e motivación cara ao crecemento persoal.
- Creatividade: imaxinación, innovación.
- Persistencia, constancia.
- Capacidade para traballar en equipo e potencial para dirixir un equipo.
- Rigor, responsabilidade.
- Flexibilidade, adaptabilidade.
- Resolución, capacidade para tomar decisións e asumir riscos.

Ademais destas cualidades xerais deberás ter en conta as cualidades específicas e técnicas que esixe cada posto de traballo, en particular.

Unha vez que coñeces os principais datos que definen a situación actual do emprego en Ferrol (oferta, demanda, elementos e tendencias do mercado laboral...), propoñémosche o seguimento dun **proceso destinado a acadar a inserción laboral** caracterizado por **catro FASES principais**:



A continuación pasamos a definir, polo miúdo, cada unha destas fases.